

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Intervención

Bases reguladoras específicas para a concesión de subvencións para festas parroquiais e de barrio 2018

Con data 19/10/2018 ditouse o decreto núm. 1457/2018 que aprobou as bases reguladoras específicas para a concesión de subvencións para Festas Parroquiais e de barrio 2018 que deseguido se relacionan:

Bases xerais que rexeran as subvencións para as festas parroquiais e de barrio do Excmo. Concello de As Pontes para o ano 2018.

Artigo 1. Beneficiarios.

Poderán solicitar e ser beneficiarios da axuda convocada a través das presentes bases, as Comisións de Festas en parroquias ou barrios de carácter tradicional e contrastada continuidade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro para ser beneficiarios de subvencións.

Recoñecemento das comisións de Festas:

O Concello recoñece a Comisión de Festas dentro do seu ámbito de actuación, e unha vez recoñecidas son consideradas como axentes responsables na organización das festas do seu barrio e parroquia.

A comisión de festas deberá presentar unha declaración na que conste o nome e apelidos do representante na que se comprometerá a organizar a festa correspondente, e asume as responsabilidades derivadas da organización da mesma.

No caso de que a festa sexa organizada por unha asociación de veciños esta deberá estar debidamente rexistrada no censo de asociacións do Concello.

O recoñecemento de Comisión de Festas non exime a esta das súas obrigas de solicitude de ocupación de vía pública e demais permisos derivados da lexislación vixente.

Os solicitantes deberán acreditar, no momento de formular a súa solicitude, a súa condición de interesado achegando:a documentación requirida no punto 5 das bases.

Artigo 2. Obxecto e ámbito de aplicación.

A presente convocatoria, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás asociacións e entidades con sede social nas pontes , constituídas como tales para a realización de festas en barrios e parroquias do Concello de As Pontes de García Rodríguez do ano 2018 para favorecer a promoción, mantemento das manifestacións culturais populares, que se celebren na vía pública coa participación e desfrute xeral dos veciños. Quedan excluídas as festas que se celebren en urbanizacións ou comunidades para desfrute privativo dos mesmos.

Actividades e gastos subvencionables.

As subvención irán destinadas a actividades culturais, actividades de confraternidade, carteis promocionais, publicidade, actividades infantís, seguros de responsabilidade civil e ao aluguer das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da programación da festa. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada responden á natureza e obxecto das actividades subvencionadas e se realicen no exercicio da presente convocatoria. Considéranse as festas realizadas en parroquias e barrios que dispoñen dun programa de actividades e integradas dentro do calendario de festividades tradicionais.

No desenvolvemento destas bases, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

- Lei 7/1985, de bases do réxime local.

- Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

- Lei10/2017, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Bases de execución do orzamento do Concello das Pontes para o exercicio de 2018.

Artigo 3. Orzamento e contía da subvención.

A convocatoria realizarase con cargo a aplicación orzamentaria 2018.338.48904 dos orzamentos do Concello. A contía das subvencións será dun máximo de 1.000 € por solicitude e cun importe máximo no total das solicitudes de 12.000 €.

Artigo 4. Condicións.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións ou Entes Públicos, ou ingresos xerados polo desenvolvemento da actividade subvencionada, supere o 100 % do custo das actividades a desenvolver polo beneficiario.

Artigo 5. Solicitudes e documentación.

A instancia de solicitude formularase no modelo anexo e acompañarase da seguinte documentación:

5.1.- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.

5.2.- Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo modelo aprobado polo Concello.

5.3.- Presuposto de gastos e ingresos do programa presentado. (En ningún caso a subvención poderá exceder do 100% do presuposto presentado). Neste presuposto detallarase a natureza do gasto no que se aplicará a subvención. Previsión de ingreso e importe da subvención solicitada.

5.4.- Memoria co programa de actividades proposto, a quen vai dirixido, data e lugar onde se realizan as actividades.

5.5.- Datos do representante da comisión de festas para as súas relacións co Concello de As Pontes.

5.6.- Declaración responsable da entidade de:

- Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.

- Que a entidade está ao corrente das súas obrigas Tributarias estatal e autonómica, coa Seguridade Social e co Concello.

5.7.- Se é o caso, declaración responsable de cumprir coas exigencias da lo dispuesto en la Ley 9/2013, de 19 de diciembre, del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia e os termos expostos na lei de espectáculos públicos 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

5.8.- Autorización do representante da Comisión ao Concello de As Pontes a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En caso negativo a entidade deberá entregar as certificacións requiridas.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 5 deberá ser emendado no prazo de dez días dende a recepción do requirimento.

Artigo 6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do concello <https://sede.aspontes.com/es/index.html>. Só se porá presentar unha solicitude por titular (se se presentan máis, só se valorará a primeira).

O prazo será de DEZ días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes cumprimentaranse pola persoa que actúe en nome ou representación da persoa xurídica solicitante, mediante certificado electrónico de algunha das autoridades recoñecidas como emisoras. A este efecto serán válidos, polo tanto, o certificado dixital da persoa xurídica ou ben o certificado dixital da persoa física que represente á entidade.

Tamén poderán presentarse por calquera dos medios regulados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 7. Tramitación e criterios de valoración das solicitudes

O Concello de As Pontes, a través do Servizo de Cultura, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. A valoración das solicitudes realizarase de acordo coa documentación aportada no prazo establecido, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias e aos criterios de valoración que se especifican a continuación:

Criterios xerais de valoración e conceptos a valorar, total: 60 puntos

a) Festas de contido xeral e/ou tradicional: valorarase que estean abertas a todas as persoas, que se axustan as bases e que exista coherencia xeral na petición. Ata un máximo de 20 puntos.

b) Alcance social do programa: valorarase o impacto na vida do barrio ou parroquia fomentando a cohesión social, ata un máximo de 20 puntos.

c) Oferta e programa: valorarase a amplitude da oferta con iniciativas relacionadas coa participación dos veciños (música, xogos, actos de tradicionais...), ata un máximo de 20 puntos.

Artigo 8º.- Procedemento de concesión.

O réxime aplicable á subvención é o de concorrencia competitiva; a concesión da subvención realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios sinalados no artigo anterior, adxudicando subvención a aquelas que tiveran maior valoración, sen exceder, en ningún caso, o importe da dotación orzamentaria fixada nestas bases.

O persoal técnico encargado de tramitar e informar as solicitudes (persoal técnico instructor): xestoras culturais da Concellería de Cultura do Concello de As Pontes.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: a concelleira de atención, participación cidadá e desenvolvemento local ou persoa en quen delegue.

Vogais: dous concelleiros/as e designado/as polo alcalde, e dous traballadores do concello.

Na comisión desenvolverá as funcións de secretaría, sen voto, persoal funcionario da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

Será preceptivo informe previo do servizo de intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como o de fiscalización previa do gasto e das solicitudes.

Artigo 9. Compatibilidade con outras subvencións

Esta subvención do Concello de As Pontes será compatible coas doutras administracións ou entes públicos ou privados. En calquera caso, o montante do financiamento obtido, por subvencións e outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Artigo 10. Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación ás comisións de festas solicitantes será 20 días contados a partir da proposta previa da comisión avaliadora. A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado os solicitantes.

Artigo 11. Xustificación e pagamento.

Consideracións xerais.

11.1.- O importe da subvención concedida, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

11.2.- A xustificación terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do concello <https://sede.aspontes.com/es/index.html> O aboamento da cantidade estipulada no artigo 2º realizarase unha vez que estean debidamente xustificadas os gastos que motivaron a concesión da subvención.

11.3.- Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no presuposto inicial.

11.4.- Para o cobramento da cantidade subvencionada as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, se é o caso. Esta situación determinarase coa presentación do oportuno certificado. En canto ao Concello das Pontes, esta situación será determinada de oficio polo propio Concello, a través do Servizo de Recadación.

11.5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras Administracións públicas ou entidades privadas que faga superar o custo da actividade, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

11.6.- O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida polo Concello e polo Tribunal de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ao disposto no Código penal.

Os membros da Comisión de Festas quedan suxeitos a calquera responsabilidade contable que poida xurdir dunha incorrecta aplicación ou indebida xustificación da subvención recibida, así como de calquera impago das actuacións ou actividades contratadas.

Artigo 12. Prazo de xustificación.

Ata o 30 de novembro do ano 2018, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora, ata un prazo máximo do 31 de xaneiro de 2019.

Se non se presentara a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da presidencia se iniciará o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final será notificada á entidade e á Intervención para o seu reflexo contable.

No caso de que se reintegre o total ou parte do importe recibido do Concello, por non realizar algunha das actividades subvencionadas ou por defectos na súa xustificación, deberán especificar as causas que motivaron o reintegro.

No caso de non ter xustificado a subvención correctamente en forma e prazo estipulados, a entidade non poderá participar na convocatoria de subvencións do ano 2019.

Artigo 13. Documentación xustificativa.

Para o cobramento da cantidade subvencionada a entidade deberá presentar a seguinte documentación exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sede electrónica do concello <https://sede.aspontes.com/es/index.html> (o máximo do total dos arquivos en PDF presentados por cada rexistro telemático será de 15MB).

13.1.- Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida.

13.2.- Declaración xurada do representante da comisión de non ter recibido outras subvencións ou de que a suma de todas as subvencións recibidas non supera o 100 % do gasto realizado.

13.3.- Publicidade xerada da organización da festa (cartel e/ou díptico).

13.4.- copia da póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento da prima correspondente ao período do seguro.

13.5.- Balance de ingresos e gastos realizados con motivo das Festas. No tocante aos ingresos, deberá axuntarse unha relación individualizada de todas as aportacións recibidas, así como dos ingresos obtidos por publicidade, patrocinio, postos e barracas, etc..., co importe total calculado. No caso dos gastos, deberá relacionarse cada un deles co seu importe individual, así como a suma do importe total.

13.6.- Acreditación da realización de gastos, do seguinte xeito:

- Pagos por subministro e prestación de servizos:

- Acreditación da realización de gastos, do seguinte xeito: facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que acrediten os gastos realizados con motivo das festas. O beneficiario da subvención debe utilizar, con carácter xeral, formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por Entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias, cheques, etc), e só excepcionalmente poderán utilizar o pago en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, billetes de aparcadoiro, etc.). O incumprimento desta disposición implicará que o devandito gasto se considere "non subvencionable" de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de subvencións en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei Xeral de subvencións sempre que devandito gasto supere o importe de 300,00 €".

- Unicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención".

As facturas presentaranse de forma numerada acompañada dunha relación das mesmas, co importe total calculado. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- Nome, NIF/CIF, e domicilio do expendedor.
- Nome, CIF e domicilio da Entidade.
- Número correlativo da factura, lugar e data da mesma.
- Descrición suficiente da prestación que se factura, con detalle das unidades obxecto de servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do I.V.E.
- Firma e selo da empresa provedora.

O gasto xustificado mediante a documentación sinalada deberá acadar, alomenos, o importe do presuposto subvencionado, ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que esta suma sexa superior ó presuposto subvencionado.

13.7.- No caso de que a subvención outorgada teña como destino o pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou de dietas, a Comisión de Festas responsabilízase a practicar á retención do IRPF correspondente, nas porcentaxes e coas excepcións que establece o actual Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. (Aprobado por Real decreto 437/2007, do 30 de marzo).

Artigo 14. Tramitación da xustificación.

14.1.- Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da cantidade subvencionada.

14.2.- No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

De non se cumprir este requisito dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos xustificadas correctamente.

14.3.- O aboamento do importe subvencionado materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

14.4.- Os beneficiarios da subvención quedan sometidos a responsabilidades e réxime sancionador que sobre infraccións administrativas na materia establece o artigo 82 da Lei xeral orzamentaria, e, de ser o caso, o disposto no artigo 308 do Código Penal.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2018.

As Pontes de García Rodríguez, 19 de outubro de 2018

A Concelleira delegada de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Localidade

María Montserrat García Chavarría

ANEXO**SUBVENCIÓN PARA AS FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIO 2018 do CONCELLO DAS PONTES****ANEXO I. SOLICITUDE**

SOLICITANTE (Os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos do titular da conta bancaria)

DATOS DA ENTIDADE		
Denominación social;		CIF
Enderezo social:		CP
Localidade:	E-mail:	Telf.:

DATOS DAS /OS INTEGRANTES DA COMISIÓN DE FESTAS	
Nome e apelidos:	DNI
Nome e apelidos:	DNI
Nome e apelidos:	DNI

DATOS DA/O REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		DNI
Enderezo a efectos de notificación:		
Localidade:	CP:	Provincia:
Teléfono/s:	E-mail:	

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

Sinale cun X se presentou a seguinte documentación con esta solicitude (ou xa foi presentada en convocatorias anteriores):

- Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade
- Fotocopia da tarxeta do NIF do representante
- Modelo de designación de datos bancarios

MEMORIA DE ACTIVIDADES FESTA PARROQUIAL OU DE BARRIO DE _____ 2018

--

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS DESGLOSADO

Concepto	Importe
TOTAL GASTOS.....	

PREVISIÓN DE INGRESOS

Concepto	Importe
TOTAL INGRESOS.....	

IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
Concepto	Importe
Festas de	

DECLARACIÓN DOUTRAS SUBVENCÍONS SOLICITADAS PARA A MESMA FINALIDADE

Concepto	Importe
TOTAL GASTOS.....	

DECLARACIÓNS RESPONSABLES

D/Dna. _____, co DNI _____

como representante da entidade _____

DECLARO:

- 1.- Que a entidade que represento asume as responsabilidades derivadas da organización do evento.
- 2.- Que a entidade que represento está ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello.
- 3.- Que a entidade que represento, se é o caso, cumpre cumpre coas exixencias da lo dispuesto en la Ley 9/2013, de 19 de decembro, del emprendimento e da competitividade económica de Galicia e os termos expostos na lei de espectáculos públicos 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- 3.- Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e que coñezo e acepto as bases desta convocatoria.
- 4.- Autorizo ao Concello de As Pontes a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

 SI NO

Asdo. Nome do representante _____

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente declaración en _____, o _____ de _____ de 2018

2018/7834